



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Igualdade

*Rectificación anuncio das bases do II concurso de curtametraxes contra a violencia de xénero “curta coa violencia”*

#### RECTIFICACIÓN ANUNCIO

Téndose detectado varios erros e omisións no anuncio publicado no BOP nº 181 de data 22/09/2022 relativo ás Bases do II concurso de curtametraxes contra a violencia de xénero “Curta coa violencia”, procédese a publicar integramente o texto das bases aprobadas polo Excmo Concello Pleno de Ferrol en data 25 de agosto de 2022 segundo a continuación se transcribe, así como os seus anexos:

#### II CONCURSO DE CURTAMETRAXES CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO “CURTA COA VIOLENCIA”

Promovido pola concellería delegada da área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística do Excmo. Concello de Ferrol, co obxecto de sensibilizar á poboación na importancia da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes para loitar e previr a violencia de xénero.

#### BASES DO CONCURSO

##### 1.- Obxecto

O Concello de Ferrol convoca o II concurso de curtametraxes contra a violencia de xénero “Curta coa violencia”. O obxectivo deste certame é promover actuacións de sensibilización e prevención da violencia de xénero para contribuír a súa erradicación, recoñecendo como ferramenta formativa e divulgativa a creación artística, neste caso e máis concretamente, no eido audiovisual.

O Concello considera adecuada a promoción de actividades artísticas como unha das alternativas idóneas para acadar a oportuna sensibilización da poboación, especialmente dos/as máis novos/as, no que se refire á loita contra a violencia de xénero.

##### 2.- Temática

A temática versará sobre a violencia de xénero de acordo co exposto na base anterior.

A obra deberá ser orixinal, de creación propia e inédita en toda a súa extensión. Cada proxecto deberá ir acompañado dun título que verse sobre a prevención da violencia de xénero.

##### 3.- Participantes

Poderán participar, de xeito individual ou en grupo, os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e 30 anos, divididos nas seguintes categorías:

Categoría A: Menores de idade de 14 a 17 anos.

Categoría B: Maiores de idade de 18 a 30 anos.

No caso de participar en grupo, cada un dos seus membros deberá cumprir os requisitos indicados nestas bases. Cada grupo deberá achegar a identificación (nome, apelidos e DNI) das persoas que o conforman, e designar a unha persoa que o represente, quen será ademais quen se relacione co Concello de Ferrol para calquera tema que xurda en relación a este concurso.

As persoas participantes non poderá formar parte de máis dun grupo dos que participen no concurso. As que participen individualmente tampouco poderán formar parte de ningún grupo participante.

Os/as menores de idade deberán contar coa autorización de pai/nai/titor/a legal, referida á participación do/a dito/a menor no concurso, á aceptación das bases e á cesión de dereitos de imaxe do/a menor (Anexo IV).

##### 4.- Lugar e prazo de presentación

A persoa ou grupo interesada/o en participar neste certame deberá presentar a solicitude de participación xunto coa documentación requirida no punto 5:

- No Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (Praza de Armas, s/n), en horas de oficina, de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres e por correo postal certificado segundo o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Por correo postal sen indicar a persoa remitente:

II concurso de curtametraxes contra a violencia de xénero “Curta coa violencia”

Concello de Ferrol

Praza de Armas, s/n

15402 Ferrol (A Coruña)

As persoas que participen como actores/actrices, que non formen parte do grupo, deberán asinar a autorización de cesión dos dereitos de imaxe ao Concello de Ferrol (Anexo IV)

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste concurso no BOP da Coruña, a través do sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

### 5.- Solicitude e documentación

Para garantir a confidencialidade da identidade dos/as participantes presentarase a seguinte documentación en forma de plica ou sobre pechado, indicando no exterior “II concurso de curtametraxes contra a violencia de xénero: “Curta coa violencia”, categoría na que participa (A ou B), título da obra e seudónimos da persoa ou grupo que teña a súa autoría.

Dentro da dita plica ou sobre incluírase o seguinte:

- A curtametraxe
- Unha memoria breve que explique o significado do traballo (extensión máxima dunha páxina. O tratamento de texto será word, OpenOffice, PDF). Co fin de manter o anonimato dos/as participantes, a memoria non poderá estar asinada nin conter ningún tipo de identificación.
- Un sobre pechado que indique no exterior o título da obra e o seudónimo do/a autor/a ou grupo. No interior do dito sobre, incluírase a seguinte documentación:
  - Solicitude de participación (Anexo I)
  - Declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións (Anexo II).(No caso de grupo unha declaración por cada membro)
  - Declaración responsable de estar ao día nas obrigas tributarias e coa seguridade social (Anexo II).(No caso de grupo unha declaración por cada membro)
  - Declaración responsable sobre a orixinalidade dos traballos presentados (incluíndo os temas, melodías, imaxes....) e a súa autoría (Anexo II)
  - Nomeamento de representante e relación de persoas que se presentan en grupo (Anexo III)
  - Autorización do/a pai/nai/titor/a ou representante legal do/a menor ou dos/as menores referida á participación do/a dito/a menor no concurso e á aceptación das súas bases , así como á cesión de dereitos de imaxe do/a menor.(Anexo IV)
  - No caso de autoría conxunta, deberá indicarse a porcentaxe do premio pactada entre as persoas autoras e asinadas por elas. (Anexo III)
  - Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que consten na solicitude para a participación no premio, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Anexo III)
  - Declaración de cesión de dereitos de imaxe (Anexo III)

A participación no concurso implica o coñecemento e aceptación das bases reguladoras

### 6.- Emenda de solicitudes

De conformidade co artigo 68 da Lei 39/2015, se ao proceder á apertura da plica do traballo gañador resultara que o sobre pechado non inclúe a documentación solicitada na base quinta destas Bases, requirírase a quen lle corresponda a súa autoría para que o rectifique no prazo de 10 días, coa indicación de que, no caso de non facelo, considerarase como desistida a súa opción ao premio, previa resolución ditada a ese efecto nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

## 7.- Número e características das curtametraxes

Só se poderá presentar un proxecto por autor/a ou grupo.

As curtametraxes poden realizarse por calquera dos seguintes medios: teléfono móbil, tableta ou cámara de vídeo.

Os traballos entregaranse nun formato estándar compatible coa maioría dos reprodutores (mp4, avi) e non poderán exceder de 5 minutos de duración. No caso de utilización de música e/ou imaxes, deberán estar libres de dereitos de autoría (con licencias copyleft ou de creación propia).

A orixinalidade dos traballos presentados (incluíndo os temas, melodías, imaxes....) e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa ou persoas autoras e titular/es de todos os dereitos.

En consecuencia, o Concello de Ferrol non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que puideran xurdir, recaendo na persoa ou grupo participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que puideran corresponder polo prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

A participación neste certame implica a cesión dos dereitos para a exhibición e publicación das curtametraxes premiadas, á Concellería de Xuventude do Concello de Ferrol.

Sempre que se utilice algún dos traballos premiados cos fins previstos nestas bases, figurará o nome da persoa ou grupo titular da súa autoría, agás manifestación en contra.

## 8.- Composición do xurado

O xurado estará formado por:

- Presidente/Presidenta: A concelleira da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística.
- Tres vogais entre as/os que figurarán persoal técnico da concellería de Muller e Igualdade e persoas expertas ou de recoñecido prestixio no ámbito da Igualdade.
- Secretario/a: funcionaria/o da concellería de Muller e Igualdade

A composición do xurado darase a coñecer con anterioridade á súa constitución na páxina web do Concello de Ferrol ([www.ferrol.es/Sede electrónico/Taboleiro de Anuncios](http://www.ferrol.es/Sede_electrónico/Taboleiro_de_Anuncios)), co obxecto de que se poidan interpoñer os recursos legais pertinentes.

Para asegurar a máxima imparcialidade, o xurado non coñecerá a identidade das persoas participantes. Unicamente coñecerse a identidade dos premiados, unha vez realice a dita proposta.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a existencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para que o xurado se constituía e poida celebrar as sesións correspondentes precisarase quórum da maioría dos membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O ditame do xurado será inapelable, tendo ademais as facultades de interpretar as bases e determinar as normas do seu funcionamento, así como de declaralo deserto, de ser o caso.

O xurado valorará a creatividade, a calidade artística, orixinalidade, a sensibilización con mensaxes positivos, aqueles que impliquen á sociedade, rexeiten ao maltratador, presenten mulleres fortes e valentes, axuden a identificar situacións de risco, ofrezan pautas de actuación ás vítimas e a profundidade da mensaxe, transmitido cara unhas relacións de igualdade e contra a violencia de xénero.

O xurado resérvase o dereito de que o premio quede deserto no caso de que considere que as obras presentadas non teñen a calidade mínima esixible.

## 9.- Premios

9.1.- Os premios da categoría A consistirán en:

Primeiro premio: 600 euros

Segundo premio: 400 euros

Terceiro premio: 200 euros

9.2.- Os premios da categoría B consistirán en:

Primeiro premio: 800 euros

Segundo premio: 600 euros

Terceiro premio: 400 euros

O premio quedará suxeito á lexislación fiscal vixente polo que se realizará sobre eses importes as correspondentes retencións fiscais legalmente establecidas.

Ningún autor/a ou grupo poderá beneficiarse de máis dun premio.

No caso de autoría conxunta, deberá incluírse un documento explícito coa participación de cadaquén e a porcentaxe do premio pactada entre as persoas autoras e asinadas por elas.

#### 10.- Criterios de valoración do xurado

O xurado poderá outorgar un máximo 70 puntos a cada unha das curtametraxes, de acordo cos seguintes criterios e tendo en conta en todo momento a temática obxecto destas Bases:

Orixinalidade en canto á temática	De 0 a 10 puntos
O guión	De 0 a 10 puntos
A dirección e realización	De 0 a 10 puntos
A interpretación	De 0 a 10 puntos
Impacto visual	De 0 a 10 puntos
A montaxe	De 0 a 10 puntos
A fotografía	De 0 a 10 puntos

No caso de empate terase en conta a maior puntuación obtida no primeiro dos criterios, de persistir o empate terase en conta á do seguinte criterio, e así sucesivamente, ata que se produza o desempate.

#### 11.- Procedemento

A proposta do xurado será elevada ao órgano competente para conceder o premio, para posteriormente proceder a entrega dos mesmos no lugar e data a determinar pola Concellería que convoca.

Co fin de coñecer a identidade dos gañadores, as plicas correspondentes aos traballos premiados serán abertas pola persoa que exerza a secretaría do xurado.

Os resultados do concurso publicaranse nas redes sociais do Concello e no Taboleiro de Anuncios Municipal, páxina web ([www.ferrol.es/Sede electrónica/Taboleiro de anuncios](http://www.ferrol.es/Sede_electrónica/Taboleiro_de_anuncios)) e na BDNS, ademais comunicárase aos centros que tiveran participado.

O acto de resolución do premio esgota a vía administrativa.

#### 12.- Documentación a achegar polas persoas premiadas

Cada concursante que resulte premiado deberá achegar a seguinte documentación:

- Copia do DNI, no caso de non estar esta xa en posesión do Concello.
- Declaración responsable na que conste que non está incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que está ao corrente das súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Ferrol) e fronte á Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención (Anexo II), no caso de caducidade da presentada no momento da solicitude.
- Formulario de alta bancaria cos datos da conta na que se realizará o ingreso, no caso de non estar esta xa en posesión de Concello.

#### 13.- Protección de datos

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar a convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é o Concello de Ferrol. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos na solicitude é o consentimento que o asinante outorga ao Concello de Ferrol coa súa sinatura. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao concurso por imposibilidade de tramitación da solicitude. O

destinatario dos datos é o Concello de Ferrol que non cederá datos a terceiros salvo obriga legal. As persoas que participen na convocatoria poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación dirixida ao Concello de Ferrol (Praza de Armas, s/n, 15402 Ferrol).

Ferrol, 27 de setembro de 2022.

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude,

Minorías Étnicas e Normalización Lingüística

Cristina Prados Rubio

#### ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN PARA PARTICIPAR NO II CONCURSO DE CURTAMETRAXES CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO "CURTA COA VIOLENCIA"

DATOS PERSOAIS:

Apelidos e nome:	
DNI:	
Enderezo:	
Teléfono:	
Correo electrónico:	

Título da obra:	
Lema ou pseudónimo do/a autor/a ou grupo:	

#### CATEGORÍA

A : Menores de idade de 14 a 17 anos.
B: Maiores de idade de 18 a 30 anos.

Ferrol, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

O/A interesado/a

Asdo.:

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais y Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán obxecto de tratamento polo Concello de Ferrol co obxecto de xestionar este procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderán exercerse mediante escrito presentado ante o Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (Praza de Armas, S/N, 1, 15401, Ferrol ), nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

A cumprimentación e sinatura deste documento suporá a prestación do consentimento para o dito tratamento.

ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

**ANEXO II**

DECLARACIÓN RESPONSABLE. II CONCURSO DE CURTAMETRAXES CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO “CURTA COA VIOLENCIA”

D/Dna \_\_\_\_\_

con DNI N° \_\_\_\_\_

DECLARO

1.- Que non estou incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiaria ou percibir subvencións das administracións públicas establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (Facenda Autonómica) e coa Facenda municipal, así como das obrigas coa Seguridade Social. Que dispoño da documentación que así o acredita, que poñerei ao dispor do concello cando me sexa requirida, e comprométome a manter este requisito durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza da subvención, quedando obrigado/a a comunicar ao concello calquera variación desta situación

3. Que non teño pendente de reintegro ningunha subvención, e comprométome a manter este requisito durante o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza da subvención, quedando obrigado/a a comunicar ao concello calquera variación desta situación.

4.- Que son o autor/a da curtametraxe presentada (temas, melodías, imaxes....), e polo tanto titular de todos os dereitos inherentes á mesma.

5.- Que coñezo e acepto as bases reguladoras do concurso.

Ferrol, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

Sinatura do/a participante

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais y Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán obxecto de tratamento polo Concello de Ferrol co obxecto de xestionar este procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderán exercerse mediante escrito presentado ante o Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (Praza de Armas, S/N, 1, 15401, Ferrol ), nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

**ANEXO III**

## RELACIÓN DE PERSOAS QUE SE PRESENTAN EN GRUPO

Don/a \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_

1- Actuará en representación das persoas abaixo relacionadas :

2.- No suposto de que o grupo resulte premiado, o premio repartirase na porcentaxe debaixo indicada:

porcentaxe de premio do/a representante

APellidos e Nome	DNI	Porcentaxe de Premio	Sinatura

Ferrol \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 20 \_\_\_\_\_

Asdo o/a representante

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais y Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán obxecto de tratamento polo Concello de Ferrol co obxecto de xestionar este procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderán exercerse mediante escrito presentado ante o Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (Praza de Armas, S/N, 1, 15401, Ferrol ), nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

**ANEXO IV**

D/Dna \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ como nai/pai ou titor/a do/a menor  
\_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

1. Dou o meu consentimento para a súa participación no “II concurso de curtametraxes contra a violencia de xénero: “CURTA COA VIOLENCIA”, que conleva á aceptación expresa das súas bases

2. Cesión de imaxe do/a menor

<input type="checkbox"/>	SI DOU O MEU CONSENTIMENTO
<input type="checkbox"/>	NON DOU O MEU CONSENTIMENTO

Para que o Concello de Ferrol poda utilizar imaxes/grabacións do/a menor na web, redes sociais, e/ou outras publicación municipais coa única finalidade de divulgación do premio.

Ferrol, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_

Asinado pai/nai titor/a

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais y Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán obxecto de tratamento polo Concello de Ferrol co obxecto de xestionar este procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderán exercerse mediante escrito presentado ante o Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (Praza de Armas, S/N, 1, 15401, Ferrol ), nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

2022/6010